

CATÁLOGO

EMPRESAS FRIGORISTAS

XUNTA
DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación

ELABORA

Secretaría Xeral Técnica

DESEÑO/MAQUETACIÓN

Gráficas Garabal S.L.

José Pías Sanahuja

ANO DE EDICIÓN

2023

LUGAR

Santiago de Compostela

EMPRESAS FRIGORISTAS

Consellería de Economía, Industria e Innovación
Secretaría Xeral Técnica

Índice

1. Introdución	07
Antecedentes. Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.....	08
Catálogos.....	08
Instalacións frigoríficas. Concepto.....	08
Empresas frigoristas. Concepto.....	09
Clasificación das empresas frigoristas.....	09
Esquema do proceso.....	10
2. Trámites para a posta en marcha dunha empresa frigorista. Resumo do proceso	11
3. Requisitos previos	13
Requisitos xenéricos.....	14
Instalador frigorista.....	16
Establecemento físico para exercer a actividade.....	17
4. Descrición do proceso de declaración responsable e inscrición no Rexistro de empresas instaladoras frigoristas	19
5. Procedemento de comprobación da declaración responsable	23
Anexo 1. Requisitos de formación necesarios para a habilitación como frigorista	25
Anexo 2. Tramitación municipal	29
Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello.....	30
Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso.....	30
Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade.....	30
Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras.....	37
Cambios de titularidade da actividade ou establecemento.....	39

1. INTRODUCCIÓN

Antecedentes. Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

A [Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia](#), ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lle **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e tamén a local nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

Catálogos

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos**, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificase que, a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta aos **"catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento"**.

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

Instalacións frigoríficas. Concepto

Tal como se recolle na Lei 9/2021, cada un dos catálogos debe indicar os trámites necesarios para a constitución e posta en marcha das diferentes iniciativas empresariais.

O **obxecto deste documento** é indicar os trámites necesarios para poder acreditarse ante a Administración competente como profesional habilitado

para **instalador frigorista** e que requisitos son os exixidos para desempeñar a actividade empresarial de **empresa frigorista**, na modalidade recollida no Real decreto 552/2019, do 27 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e nas súas instrucións técnicas complementarias.

Neste catálogo enténdese como instalación frigorífica a definida como tal no artigo 8 do regulamento xa citado.

O regulamento aplicarase ás instalacións frigoríficas de nova construción, así como ás ampliacións, modificacións e mantemento destas e das xa existentes.

Exclúense da aplicación deste regulamento, e polo tanto do procedemento recollido neste catálogo, as seguintes instalacións:

- As instalacións frigoríficas correspondentes a medios de transporte aéreo, marítimo e terrestre, que se rexerán polo disposto nas normas de seguridade internacionais e nacionais aplicables as estes e nas súas normas técnicas complementarias.
- Os sistemas secundarios utilizados nas instalacións de climatización para condicións de benestar térmico das persoas nos edificios, que se rexerán polo disposto no Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.
- Os sistemas de refrixeración compactos (sistemas de acondicionamento de aire portátiles, frigoríficos e conxeladores domésticos, etc.) con carga de refrixerante inferior a:
 - 2,5 kg de refrixerante do grupo L1
 - 0,5 kg de refrixerante dos grupos L2 e L3


Empresas frigoristas. Concepto

Empresa frigorista é a persoa física ou xurídica que, como unha actividade económica organizada, realiza a execución, posta en servizo, mantemento, reparación, modificación e desmantelamento das instalacións frigoríficas no ámbito do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias, aprobado polo Real decreto 552/2019, do 27 de setembro, e tendo presentado a correspondente declaración responsable de inicio, a través do procedemento da sede electrónica **IN609L**.

Clasificación das empresas frigoristas

As empresas frigoristas poden ser de nivel 1 ou 2, segundo o nivel ao que correspondan as instalacións que realicen.

Esquema do proceso



2. Trámites para a posta en marcha dunha empresa frigorista

Resumo do proceso

Este catálogo fai referencia ao procedemento para a habilitación de empresas na actividade de **empresa frigorista** a que se refire o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas aprobado polo Real decreto 552/2019, do 27 de setembro.

Non se recollen os trámites relativos á constitución da empresa ou á alta como persoa traballadora autónoma, que implican a dotación de personalidade xurídica e a capacidade para contratar. Estes trámites, de carácter xeral para a constitución de calquera empresa, fan referencia á forma xurídica da empresa e á súa seguridade xurídica, mercantil, fiscal e laboral para poder desenvolver a súa actividade. Tampouco se recollen os relativos ao eido da prevención de riscos laborais.

Este catálogo inclúe no seu [anexo 2](#) a descrición dos trámites que debe realizar a persoa promotora ante a Administración local correspondente, en función de onde radique o establecemento físico no que se desenvolva a actividade e de se resulta preciso ou non facer obras previas.

O procedemento para obter a habilitación na actividade como empresa frigorista implica un único trámite:

1. Presentación dunha declaración responsable segundo o procedemento IN609L.

Estarán obrigadas a presentar esta declaración responsable tanto as persoas físicas como xurídicas que desexen, como inicio da súa actividade en España, establecerse ou comezar a súa actividade en réxime de libre prestación en Galicia. No inicio da declaración deben elixir a modalidade baixo a que exercen, que pode ser en réxime de establecemento (para empresas que van exercer habitualmente a actividade en territorio do Estado español) ou en réxime de libre prestación (empresas habilitadas noutro Estado da UE e que van exercer a actividade de forma eventual neste Estado).

3. Requisitos previos

Tal como se recolle no artigo 10 do Real decreto 552/2019, do 27 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas, as instalacións frigoríficas executaranas empresas instaladoras, que serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que presentaran a declaración responsable de inicio de actividade.

De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan impoñerse requisitos ou condicións adicionais.

Requisitos xenéricos

Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras frigoríficas, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se establezan unha declaración responsable na que o titular da empresa ou representante legal desta declare para que categoría vai desenvolver a actividade, que cumpre cos requisitos que se exigen no Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución ou reparación das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no devandito regulamento e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

As empresas frigoríficas legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao inicio desta, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable cos requisitos detallados no parágrafo anterior.

Calquera feito que supoña unha modificación dalgúns dos datos da declaración orixinal, así como o cesamento da actividade, deberá ser comunicado no prazo dun mes pola persoa interesada ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable.

No caso de que se producise unha modificación que supuxese deixar de cumprir os requisitos necesarios para a habilitación, a comunicación deberá ser realizada no prazo de 15 días inmediatos posteriores a producirse a incidencia, co fin de que o órgano competente da comunidade autónoma, á vista das circunstancias, poida determinar, se é o caso, a suspensión ou inhabilitación temporal da actividade mentres se restablezan os requisitos.

Ademais, se se quere obter a acreditación para operar como **empresa frigorista**, téñense que cumprir os seguintes requisitos, que varían segundo o nivel en que estea clasificada a empresa e posuír a documentación que así o acredite.

Empresas frigorista de nivel 1

- Dispoñer da documentación que a identifique como empresa frigorista. No caso de persoa xurídica, debe estar constituída legalmente.
- Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguridade, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas, cun mínimo dunha persoa instaladora frigorista contratada a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, suposto no que se admitirá que estea contratada a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o que a empresa desenvolva a súa actividade). Considerarase que tamén se cumpre co requisito de contar cunha persoa profesional habilitada no cadro de persoal, se se cumpre algunha das seguintes condicións:
 - No caso das persoas xurídicas, que a titularidade da cualificación individual a posúa unha das persoas socias de organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa ou durante o horario de apertura desta.

- No caso de que a empresa sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de persoas traballadoras autónomas, que esta dispoña da habilitación como persoa instaladora frigorista. A figura da persoa instaladora poderá ser substituída pola de dúas ou máis cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada laboral a xornada completa ou no horario de actividade da empresa.
- Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos derivados da súa actividade, por importe mínimo de 300.000 euros por sinistro.
- Dispoñer dun plan de xestión de residuos que considere a diversidade de residuos que poida xerar na súa actividade e as previsións e acordos para a súa correcta xestión ambiental, e que preverá a súa inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos no órgano competente da comunidade autónoma.
- Dispoñer dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade, que, como mínimo, serán os que se especifican na Instrución técnica complementaria IF-13.

Empresas frigorista de nivel 2

- Dispoñer da documentación que a identifique como empresa frigorista. No caso de persoa xurídica, debe estar constituída legalmente.
- Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguridade, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas, cun mínimo de:
 - Unha persoa técnica titulada universitaria con competencias específicas na materia obxecto do Regulamento de seguridade de instalacións frigoríficas contratado a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, suposto no que se admitirá que estea contratada a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o que a empresa desenvolva a súa actividade). Considerarase que tamén se cumpre co requisito de contar cunha persoa técnica titulada universitaria no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:
 - o No caso das persoas xurídicas, que o título universitario o posúa unha das persoas socias de organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa ou durante o horario de apertura desta.
 - o No caso de que a empresa sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de persoas traballadoras autónomas, que esta dispoña da titulación universitaria con competencias específicas nas materias obxecto do regulamento. A figura da persoa instaladora poderá ser substituída pola de dúas ou máis cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada laboral a xornada completa ou no horario de actividade da empresa.
- Unha persoa instaladora frigorista contratada a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, suposto no que se admitirá que estea contratada a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o que a empresa desenvolva a súa actividade). Considerarase que tamén se cumpre co requisito de contar cunha persoa profesional habilitada no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:
 - No caso das persoas xurídicas, que a titularidade da cualificación individual a posúa unha das persoas socias de organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa ou durante o horario de apertura desta.
 - No caso de que a empresa sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de persoas traballadoras autónomas, que esta dispoña da habilitación como persoa instaladora frigorista. A figura da persoa instaladora poderá ser substituída pola de dúas ou máis cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada laboral a xornada completa ou no horario de actividade da empresa.
- Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos derivados da súa actividade, por importe mínimo de 900.000 euros por sinistro.

- Dispoñer dun plan de xestión de residuos que considere a diversidade de residuos que poida xerar na súa actividade e as previsións e acordos para a súa correcta xestión ambiental, e que preverá a súa inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos no órgano competente da comunidade autónoma.
- Dispoñer dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade, que, como mínimo, serán os que se especifican na Instrución técnica complementaria IF-13.

Instalador frigorista

Esta profesión está regulada, na medida en que a Administración competente establece algunha condición que supedita o exercicio da profesión ou a prestación do servizo ao cumprimento dalgún requisito en relación coa cualificación das persoas.

O instalador frigorista é a persoa física que, en virtude de posuír os coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía da industria do frío e da súa normativa, está capacitada para realizar, poñer en marcha, manter, reparar, modificar e desmantelar instalacións frigoríficas. Deberá desenvolver a súa actividade nunha empresa frigorista habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- Dispoñer dun título universitario cuxo ámbito competencial cubra as materias obxecto do Regulamento de seguridade de instalacións frigoríficas.
- Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.
- Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.
- Ter recoñecida a cualificación profesional de persoa instaladora frigorista adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012, relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de Información do Mercado Interior (Regulamento IMI).
- Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1996, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguridade industrial. Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que conteña os contidos mínimos que se indican na IF-19 do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en todo o territorio español, sen que poidan impoñerse requisitos ou condicións adicionais.

É importante sinalar que as persoas que dispoñan de habilitación profesional en instalacións térmicas de edificios poderán realizar as actividades de instalación, mantemento, reparación e desmantelamento das instalacións frigoríficas que formen parte dunha instalación térmica incluída no ámbito do RITE.

Nos casos en que as instalacións empreguen ou estea previsto que empreguen refrixerantes fluorados, o persoal que realice as actividades previstas no artigo 3 do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan, e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados, deberán estar en posesión da certificación que sexa necesaria de acordo coa dita norma (procedemento IN610A). Non obstante, a execución das unións soldadas en instalacións con refrixerantes fluorados poderá ser levada a cabo por persoal que non estea en posesión das certificacións previstas no citado Real decreto, sempre que estea acreditado para a realización das unións soldadas en cuestión e se establezan os métodos de traballo e controis necesarios para asegurar o cumprimento das regulamentacións aplicables e estea baixo a supervisión dunha persoa titular do certificado previsto no parágrafo anterior.

Establecemento físico para exercer a actividade

No caso de que resultase necesario contar cun local ou establecemento físico para o exercicio da actividade das empresas frigoristas, o primeiro paso que debería dar a persoa promotora é comprobar o réxime urbanístico que resulta de aplicación na parcela ou edificación na que pretende a implantación da dita actividade.

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes exixencias; de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, para os efectos de determinar a viabilidade urbanística da actuación.

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído.

Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os 2 meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal”.

Informes ou autorizacións sectoriais

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultala calquera interesado no Plan Básico Autonómico de Galicia, que constitúe unha ferramenta dinámica indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que lle permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante desde o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa comunidade autónoma.

O visor do Plan Básico Autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

4. Descripción do proceso de declaración responsable e inscrición no Rexistro de empresas instaladoras frigoristas

Esta declaración, que se axustará ao modelo do anexo XII e XIII do Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado pola Orde do 15 de setembro de 2011 para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de novembro de 2003, relativa aos servizos no mercado interior, deberá presentarse telematicamente ante a consellería competente en materia de industria. Nela a persoa titular ou representante legal da empresa deberá declarar que cumpre cos requisitos que se exixan na normativa reguladora, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e os requisitos que se establecen na normativa de aplicación.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira para as súas facultades de inspección e investigación.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e de acordo coa normativa da Unión Europea sobre o recoñecemento de cualificacións profesionais.

A consellería competente en materia de industria asignará, de oficio, un número de identificación á empresa que presentou unha declaración responsable.

Realizado este proceso, a empresa queda habilitada e pode exercer a actividade de xeito inmediato e por tempo indefinido, aínda que pode ser obxecto dos labores de inspección correspondentes para comprobar a veracidade do declarado mediante a achega da documentación que sustenta a declaración.

Se unha empresa con sede en Galicia quere inscribirse, deberá presentar a declaración responsable en réxime de establecemento.

Se unha empresa establecida nun Estado membro da UE quere desenvolver esta actividade en réxime de libre prestación, debe presentar a declaración responsable en réxime de libre prestación.

Mediante estas declaracións, as empresas indican que cumpren os requisitos establecidos na lexislación de aplicación e que se responsabilizan de que a execución das instalacións se vai efectuar segundo as normas e os requisitos establecidos na lexislación de aplicación.

Para realizar esta actuación, a Administración autonómica galega conta cun procedemento normalizado (IN609L), o cal se resume nos seguintes cadros:



IN609L Rexistro de empresas frigoríficas

Órgano responsable		Xefatura territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación.
Descrición		As persoas físicas e xurídicas, antes de comezar a súa actividade en réxime de libre prestación, deberán inscribirse neste rexistro.
Documentación		<ul style="list-style-type: none">• Declaración responsable (segundo o modelo do anexo XII/XIII). Na dita declaración debe constar a seguinte información:<ul style="list-style-type: none">– Datos da persoa declarante e empresa.– Categoría da empresa.– Cumprimento dos requisitos que exige a normativa.– Que dispón da documentación que así o acredita.– Que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade.– Que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e os requisitos que establece a normativa.• Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes. O proceso de aboamento da taxa iníciase desde o mesmo formulario da declaración responsable, que enlaza coa plataforma de pagamento da Axencia Tributaria de Galicia.
Obrigatorio	Si	Procedemento IN609L.
Prazos		Durante todo o ano.
Resolución		Automático.
Trámite en liña	Si	https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN609L&ano=2010&numpub=1&lang=gl
Presencial	Non	
Normativa		<ul style="list-style-type: none">• Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE (artigo 12).• Resolución do 12 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se informa sobre a tramitación exclusivamente telemática de diversos procedementos.• Orde do 15 de setembro de 2011 pola que se modifican os anexos XII e XIII do Decreto 51/2011, do 17 de marzo.

É importante sinalar que o procedemento IN609L serve tamén para a presentación de declaracións responsables de modificación dunha declaración anterior ou de cesamento de actividade



Taxa

Órgano responsable

Axencia Tributaria de Galicia.

Descrición

Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa:

- Presentación de declaracións responsables de inicio de actividade: código 32.07.22.
- Presentación de declaracións responsables de modificación ou cesamento de actividade: código 32.07.23.

Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:

Tarifas vixentes de taxas.

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3>.

Documentación

Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.

Obrigatorio

Si

Trámite en liña

Si

Oficina Virtual Tributaria.

Deberase realizar o trámite a través da sede electrónica no momento da presentación da declaración responsable. O pagamento da taxa está integrado no procedemento IN609L.

O aboamento pode facerse con cargo á tarxeta bancaria, con cargo en conta bancaria ou ben mediante pagamento presencial en entidade financeira colaboradora utilizando unha carta de pagamento con NRC que se pode xerar desde o mesmo procedemento.

Presencial

Non

Normativa

- [Lei 6/2003, do 9 de decembro](#), de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez cuberto o formulario IN609L da declaración e pagadas as taxas, a declaración responsable asinarase electronicamente e presentarse ante a Administración. A empresa queda inmediatamente habilitada na actividade coa asignación dun número identificativo.

A empresa queda inscrita de forma automática no Rexistro Industrial de Galicia e os seus datos comunicaranse ao Rexistro Integrado Industrial.

5. Procedemento de comprobación da declaración responsable

A Administración pode comprobar en calquera momento que se cumpre co contido da declaración responsable exixida para o inicio da actividade.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación será a encargada de comprobar *a posteriori* o declarado pola persoa promotora. Esta comprobación realízase mediante a función inspectora. A comprobación fará referencia a aqueles aspectos implícitos á solicitude presentada, co obxectivo de verificar o declarado sobre a persoa promotora e a propia entidade.



Procedemento de comprobación do cumprimento dos requisitos

Órgano responsable

Xefatura territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación (función inspectora).

Descrición

O incumprimento dos requisitos exixidos comportará o cesamento automático da prestación de servizos, salvo que se poida incoar un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puidesen derivar da gravidade das actuacións realizadas. Abriráselle un expediente informativo á persoa titular do establecemento.

Prazos

A persoa interesada terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

Efectos

- Inhabilitación temporal e/ou do cesamento da actividade.
- Baixa no Rexistro Industrial de Galicia e comunicación ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial.

Normativa

Título V da [Lei 21/1992, do 16 de xullo](#), de industria.

Anexo 1. Requisitos de formación necesarios para a habilitación como frigorista

1. Título universitario

Dispoñer dun título universitario cuxo ámbito competencial cubra as materias obxecto do Regulamento de seguridade e as súas instrucións técnicas complementarias aprobado polo Real decreto 552/2019, do 27 de setembro.

2. Títulos de formación profesional

Dispoñer dun título de formación profesional cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de seguridade e as súas instrucións técnicas complementarias aprobado polo Real decreto 552/2019, do 27 de setembro.

Os títulos de Formación Profesional e Certificados de Profesionalidade que presumen o cumprimento da situación indicada no artigo 9.1.b) do Regulamento citado para desenvolver a actividade como “**profesional frigorista habilitado**” están relacionados na web do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo:

https://industria.gob.es/Calidad-industrial/seguridadindustrial/instalacionesindustriales/instalaciones-frigorificas/Documents/Instalaciones_Frigorificas_2023_01_30_v1.pdf

Neste momento, os títulos de formación profesional que presumen o cumprimento dos requisitos necesarios para desenvolver a actividade de “frigorista” son os seguintes:

Títulos derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE)

- *Técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e fluídos*
- *Técnico especialista en calor, frío, aire acondicionado, rama electricidade e electrónica*
- *Técnico especialista en frío industrial, rama electricidade e electrónica*
- *Técnico en instalacións frigoríficas e de climatización*

Títulos derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro (LOXSE)

- *Técnico superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso*
- *Técnico auxiliar en instalación e mantemento de equipos de frío e calor, rama electricidade e electrónica*
- *Técnico en montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor*

Títulos derivados da Lei 14/1970, do 4 de agosto (LXE)

- *Técnico especialista en instalacións frigoríficas e de climatización, rama electricidade e electrónica*
- *Técnico especialista en instalacións térmicas auxiliares de proceso, rama electricidade e electrónica*
- *Técnico especialista en mantemento de instalacións de servizos e auxiliares, rama electricidade e electrónica*

Títulos anteriores á LXE (FP industrial)

- *Oficial industrial*
- *Mestre industrial*

3. Certificado de profesionalidade ou certificado de competencia profesional adquirido por experiencia laboral

Dispoñer dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.

Os certificados de profesionalidade que se relacionan considéranse válidos para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos pola antedita normativa:

- IMAR0309 Certificado de profesionalidade de Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións frigoríficas.
- IMAR0108 Certificado de profesionalidade de Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas.
- Certificado de profesionalidade de ocupación de frigorista (Real decreto 942/1997, do 20 de xuño).

4. Cualificación profesional de frigorista adquirida noutro Estado da Unión Europea

Ter recoñecida a cualificación profesional de frigorista adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de Información do Mercado Interior (Regulamento IMI).

5. Certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas

Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Para a obtención dunha certificación de persoa, pódese acudir a unha entidade acreditada do Estado. A relación de entidades acreditadas pode consultarse no seguinte enlace da páxina web do ENAC:

<https://www.enac.es/web/enac/entidades-acreditadas/buscador-de-acreditados>

Anexo 2. Tramitación municipal

A empresa non necesita obter licenza municipal nas súas actividades de instalacións frigoríficas, xa que a empresa as realiza *in situ* nunha parcela, nun edificio ou vivenda de titularidade dunha persoa promotora ou duna propietaria de vivenda individual, estando cuberta pola licenza de obra da promotora ou da titular da vivenda no caso dunha nova instalación.

Non obstante, deberá tramitar a licenza de actividade municipal no caso de que a empresa necesite acondicionar un local como oficina para labores administrativos, almacén de materiais ou para a xestión de equipamento, ferramentas, utensilios... que empregará na súa actividade principal.

Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello

No relativo aos trámites municipais que terá que realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta é a necesidade de consultar, con carácter previo, a normativa que aprobase o concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, que deberán ir acompañadas de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

No caso de que os edificios ou instalacións do proxecto estivesen situados en zonas limítrofes a dous ou máis concellos, resultaría axeitado que a persoa promotora se asegurase de coñecer os límites municipais, coa realización dunha consulta no Instituto Xeográfico Nacional, da liña límite vixente¹

Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso

Resulta especialmente relevante neste momento **consultar as ordenanzas fiscais** do concello, co fin de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade

Na maior parte dos casos, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai realizar ás características propias da actividade. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello**, en función do acto de que se trate.

¹ / As representacións gráficas que presenta o IGN non sempre están actualizadas con técnicas modernas que permitan unha determinación precisa da liña límite legal existente entre algúns concellos. Neste caso a persoa promotora podería solicitar que se realice unha actuación de dita liña límite que se inscribir por iniciativa propia segundo permite o artigo 17.2 do Real Decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

**Xestión do trámite**

Administración local.

Descrición

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

Documentación

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico ou técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no que se identificará o persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exigible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exigibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Documentación

As solicitudes de licenza que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística serán facultativos e non preceptivos.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentárase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

Prazo

As peticións de licenza resolveranse no prazo de **3 meses** desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Porén, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos.

Obrigatorio

Si

Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.

Trámite en liña

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

Normativa

- [Lei 2/2016, do 10 de febreiro](#), do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- [Lei 9/2021, do 25 de febreiro](#), de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.



Comunicación previa para a realización de obras

Xestión do trámite

Administración local.

Descrición

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.
- A primeira ocupación dos edificios.

Documentación

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirilos o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.
- Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras suscrito por técnico/a competente, visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións amparadas en licenza de obras que requiran proxecto técnico.
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, de ser o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos da axeitada execución das acometidas das redes de subministración, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións.

Documentación

As comunicacións que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

Prazos

No caso das comunicacións previas urbanísticas, a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicaralle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Obrigatorio

Si

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

Trámite en liña

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

Normativa

- [Lei 2/2016, do 10 de febreiro](#), do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- [Lei 9/2021, do 25 de febreiro](#), de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou de presentar a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixirase que a promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

Ademais, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico que determina que a promotora **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscripta por técnico/a competente, na cal manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias –a realización da actividade e a execución de obras para o exercicio desta–, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta mentres a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Logo de rematar a obra, presentárase **comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoa técnica competente, así como, cando proceda, o certificado acústico².



Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

Xestión do trámite		Administración local.
Descrición		Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.
Documentación		<ul style="list-style-type: none">• Datos de identificación da persoa titular.• Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.• Certificado final de obra asinado por técnico ou técnica competente.• Certificado acústico (cando proceda). Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.
Obrigatorio	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
Trámite en liña	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
Normativa		<ul style="list-style-type: none">• Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.• Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.• Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.• Ordenanzas municipais aplicables.

Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras

Nos casos en que non fose necesaria a realización de obras para o inicio da actividade, tras a realización dos trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, o promotor/a deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional, **require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa** ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.

Comunicación previa para o inicio da actividade sen realización de obras previas	
Xestión do trámite	Administración local.
Descrición	<p>A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:</p> <ul style="list-style-type: none">• Exercicio de actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.• Exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.
Documentación	<p>A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.• Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.• O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.• Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, suscrita por técnico/a competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.• O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.• A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.• As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.• De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento. <p>Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra. Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.</p>

Obrigatorio	Si	No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso. En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.
Trámite en liña	Si	A través das sedes electrónicas municipais.

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que a persoa interesada nela sinala expresamente, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.
- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou tivesen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de 10 días. Non obstante, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten emendables ou non se emenden no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou establecemento ao que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iniciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.

Esta actuación de verificación será potestativa para o concello naqueles supostos en que a documentación achegada inclúa un **certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal**, sen prexuízo de que se poidan realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación.

**Órgano responsable**

Entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom).

Descrición

Son aquelas entidades de dereito privado que, despois de seren autorizadas pola Administración autonómica, tendo capacidade plena de obrar e actuando baixo a súa responsabilidade, se constitúan coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa aplicable no ámbito municipal.

O contido dos certificados de conformidade non ten carácter vinculante para os servizos técnicos municipais nin para os órganos municipais con competencia na materia, e en ningún caso substituirá as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción.

Obrigatorio

Non

As persoas interesadas en presentar unha comunicación previa ou unha solicitude de licenza ante a Administración municipal poden dirixirse á entidade da súa elección, dentro das que estean habilitadas para desenvolver actuacións de certificación de conformidade municipal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de solicitar a realización da función de certificación de conformidade respecto da instalación, establecemento, actividade ou obra que vaia ser obxecto da comunicación previa ou da solicitude de licenza.

A relación entre as persoas que soliciten a realización da función de certificación de conformidade e as entidades de certificación de conformidade municipal estará suxeita ao dereito privado.

Consulta

Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa

- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- [Lei 9/2013, do 19 de decembro](#), do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- [Lei 9/2021, do 25 de febreiro](#), de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

Cambios de titularidade da actividade ou establecemento

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao concello, de forma que, neste caso, sen prexuízo do que determine a normativa local aplicable en cada caso, a comunicación previa deberá incluír unicamente:

- Os datos identificativos da nova persoa titular.
- A referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade.

Este documento foi redactado, con fins meramente informativos, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, INDUSTRIA
E INNOVACIÓN